

INFORME



NOVIDADES NA TRAMITACIÓN DE INCAPACIDADES TEMPORAIS (IT) OU BAIXAS MÉDICAS PARA OS FUNCIONARIOS DE MUFACE.

Orden PRE/1744/2010, del 30 de junio (BOE 1 de julio de 2010)

Esta Orde substitúe á do 17 de xullo de 2003 e recolle unha serie de cambios no tratamento de INCAPACIDADES TEMPORAIS (IT), centrándose non so na concesión senon tamén no axeitado seguimento da situación.

Así mesmo, se lles concede un tratamento diferenciado ás situacións de RISCO PERANTE O EMBARAZO E RISCO PERANTE A LACTANCIA NATURAL.

Artigo 5. Partes de confirmación quincenales

A diferenza do que ocurría ata o de agora, transcurridos 15 días naturais dende a data de inicio que figura no parte médico inicial se expedirán sucesivos partes de confirmación que se presentarán ante o órgano competente no prazo máximo de tres días hábiles.

Artigo 6. Informe adicional de ratificación para a concesión da prórroga de IT

Cando se cumpra o 10º mes de baixa o parte de confirmación deberá ir acompañado dun informe médico adicional de ratificación segundo o anexo III, no que constará a doenza e a presunción médica de que:

- a) O Mutualista podería ser dado de alta antes de cumprir os 545 días (18 meses) desde o inicio da situación.
- b) Trátase dun proceso que podería calificarse de incapacidade permanente. Neste caso a Consellería deberá solicitar o correspondente exame ó equipo ou unidade de valoración de incapacidades (EVI).

MUFACE trasladará este informe médico de ratificación ás Unidades Médicas de que dispoña co fin de que realicen o seu recoñecemento antes de cumprirse 365 días de baixa.

Artigo 7. Informe adicional de ratificación previo á extinción da situación de IT

Cando se cumpra o 16º mes de baixa o parte de confirmación deberá ir acompañado dun informe médico adicional segundo anexo III onde se especificará:

- a) Xustificación de manter a IT.
- b) Sinalar que se trata dun proceso que podería calificarse de incapacidade permanente.

MUFACE trasladará ás Unidades Médicas dito informe para que recoñezan o mutualista antes dos 545 días (18 meses).

Cumprido o prazo de 730 días (24 meses) o médico deberá emitir un parte de alta. Este parte de alta presentarase perante o órgano de persoal (actualmente director/a) antes do remate do día hábil seguinte.

Artigo 12. Duración, prórrogas e recaída dunha situación de IT

So se iniciará unha nova situación de IT no caso dun proceso patolóxico diferente do anterior, e dicir, que non teña relación directa con él.

No caso de que nos 180 días naturais (6 meses) seguintes á conclusión da IT se produxera un proceso patolóxico relacionado co anterior se entendería que hai unha RECAIDA e, polo tanto, non se iniciaría unha nova IT.

RISCO DURANTE EMBARAZO OU LACTANCIA

Artigo 15. Acreditación da situación

- a) Informe do médico.
- b) Informe do servizo de Prevención do centro de traballo.

Artigo 16. Expedición de partes

No caso de risco durante o embarazo e durante a lactancia natural, nos tres primeiros meses de licencia se expedirá, con carácter xeral, un único parte de baixa.

Disposición adicional primeira. Parte de maternidad

O parte deberá achegarse ó órgano de persoal correspondente para otorgar dito permiso dentro dos 4 días hábiles seguintes ó parto ou ó inicio do descanso, no caso de iniciarse con anterioridade ó mesmo.

Poderanse utilizar os partes actuais ata que se dispoña dos novos modelos.

GALICIA